



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES Félix Muriel



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
*"O FSE inviste no teu futuro"*

Rúa María Ana Mogas, nº 1  
15920 RIANXO  
☎ 981-843700 📠 981-843701  
ies.felix.muriel@edu.xunta.es

# DEPARTAMENTO DE MÚSICA

## PROGRAMACIÓN

### (2019-2020)



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE CULTURA,**  
**EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**  
**IES Félix Muriel**



Rúa María Ana Mogas, nº 1  
 15920 RIANXO  
 ☎ 981-843700 📠 981-843701  
 ies.felix.muriel@edu.xunta.es

## ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>3</b>
<b>2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.</b>	<b>5</b>
<b>3. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA</b>	<b>11</b>
<b>4. SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA</b>	<b>13</b>
<b>4.1. Concreción Dos Estándares De Aprendizaxe Para 2º ESO</b>	<b>13</b>
<b>4.1.1. BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN</b>	<b>13</b>
<b>4.1.2. BLOQUE 2: ESCOITA</b>	<b>17</b>
<b>4.1.3. BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAI</b>	<b>19</b>
<b>4.1.4. BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS</b>	<b>21</b>
<b>4.2. Temporalización para 2º ESO</b>	<b>22</b>
<b>4.3. Criterios de Avaliación para 2º ESO</b>	<b>25</b>
<b>4.4. Mínimos Exixibles para 2º ESO</b>	<b>26</b>
<b>4.5. Instrumentos de Avaliación para 2º ESO</b>	<b>27</b>
<b>4.6. Procedementos de Avaliación para 2º ESO</b>	<b>27</b>
<b>4.7. Criterios de Cualificación para 2º ESO</b>	<b>27</b>
<b>4.8. Proba Extraordinaria De Setembro para 2º ESO</b>	<b>28</b>
<b>5. TERCEIRO CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA</b>	<b>29</b>
<b>5.1. Concreción dos Estándares de Aprendizaxe para 3º ESO</b>	<b>29</b>
<b>5.1.1. BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN</b>	<b>29</b>
<b>5.1.2. BLOQUE 2: ESCOITA</b>	<b>34</b>
<b>5.1.3. BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAI</b>	<b>36</b>
<b>5.1.4. BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS</b>	<b>39</b>
<b>5.2. Temporalización para 3º ESO</b>	<b>40</b>
<b>5.3. Mínimos Exixibles para 3º ESO</b>	<b>43</b>
<b>5.4. Instrumentos de Avaliación para 3º ESO</b>	<b>43</b>
<b>5.5. Procedementos de Avaliación para 3º ESO</b>	<b>43</b>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES Félix Muriel



Rúa María Ana Mogas, nº 1  
15920 RIANXO  
☎ 981-843700 📠 981-843701  
ies.felix.muriel@edu.xunta.es

<b>5.6. Criterios de Cualificación para 3º ESO</b>	<b>44</b>
<b>5.7. Proba Extraordinaria De Setembro para 3º ESO.</b>	<b>45</b>
<b>6. PROCEDIMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL</b>	<b>45</b>
<b>7. PLAN DE SEGUIMIENTO DE PENDENTES</b>	<b>45</b>
<b>8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA</b>	<b>47</b>
<b>9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	<b>48</b>
<b>10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>49</b>
<b>11. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES</b>	<b>50</b>
<b>12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR</b>	<b>51</b>
<b>13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC</b>	<b>51</b>
<b>14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA</b>	<b>52</b>
<b>15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>52</b>
<b>16. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN</b>	<b>52</b>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES Félix Muriel



Rúa María Ana Mogas, nº 1  
15920 RIANXO  
☎ 981-843700 📠 981-843701  
ies.felix.muriel@edu.xunta.es

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación.

A materia de música na educación secundaria obrigatoria ten como obxecto guiar e afianzar os coñecementos musicais e a actitude ante a música que o alumnado alcanzou na educación primaria, situándoos nun marco de competencias que lle posibilite gozar da creación e da escoita musical, así como ser quen de utilizar un vocabulario específico que permita a descrición de fenómenos musicais.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. O alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

Os nosos alumnos/as proceden dos centros de primaria “Castelao” de Rianxo e “Brea Segade” de Taragoña e CEIP “Ana M<sup>a</sup> Diéguez” de Asados.

Este curso só hai unha profesora encargada de impartir a materia nos niveis de 2º e 3º ESO:

M<sup>a</sup> Dolores Bretal Martínez, licenciada en Musicoloxía e xefa do departamento.



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE CULTURA,**  
**EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**  
**IES Félix Muriel**



Rúa María Ana Mogas, nº 1  
15920 RIANXO  
☎ 981-843700 📠 981-843701  
ies.felix.muriel@edu.xunta.es

O alumnado de 2º curso de E.S.O. está repartido en CATRO grupos:

2º A 25 alumnos/as

2º B 23 alumnos/as

2º C 25 alumnos/as

2º D 25 alumnos/as

O alumnado de 3º curso de E.S.O. está repartido en CATRO grupos:

3º A 24 alumnos/as

3º B 23 alumnos/as

3º C 13 alumnos/as

3º D 26 alumnos/as

O alumnado de Secundaria contará só cunha aula específica de música situada no edificio anexo, na que se reúne todo o material específico enviado pola Xunta, correspondente ás dúas aulas anteriores e debidamente recollido no inventario de aula.

Na programación das actividades de ensino-aprendizaxe tivemos en conta o material dispoñible e o que consideramos máis adecuado para transmiti-los contidos e alcanza-los obxectivos.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES Félix Muriel



Rúa María Ana Mogas, nº 1  
15920 RIANXO  
☎ 981-843700 📠 981-843701  
ies.felix.muriel@edu.xunta.es

## **2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.**

### **Competencia en Comunicación Lingüística (CCL).**

A música contribúe a enriquecer os intercambios comunicativos e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico e específico, para así poder expresar adecuadamente as propias ideas e emocións. Tamén colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal e coa valoración do enriquecemento que a dita interacción xera.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia poderían ser:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente e por escrito con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto.
- Manexar elementos de comunicación non verbal ou diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Aprender un repertorio de cancións en distintas linguas, primando a lingua galega e castelá.
- Empregar a voz e o propio corpo como instrumentos de expresión e comunicación.
- Relacionar o ritmo coa palabra.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES Félix Muriel



Rúa María Ana Mogas, nº 1  
15920 RIANXO  
☎ 981-843700 📠 981-843701  
ies.felix.muriel@edu.xunta.es

### **Competencia Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**

A música pon en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra parte hai correntes musicais cunha relación máis directa coas matemáticas e a física como poden ser a aleatoria, a estocástica, a algorítmica...

En relación coa ciencia e tecnoloxía, nesta materia o alumnado deberá relacionar os principios físicos na produción do son e o timbre dos diferentes instrumentos musicais. Tamén deberá ser consciente dos niveis adecuados do son e os problemas relacionados coa contaminación acústica.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia poderían ser:

- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso arredor.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática en ritmogramas e musicogramas.
- Traballar a relación matemática dos compases cos elementos que integran a escritura no pentagrama.
- Adquirir coñecemento instrumental fixándose no corpo vibrante e na súa orixe.

### **Competencia dixital (CD).**

Na área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de composición e edición musical, á parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES Félix Muriel



Rúa María Ana Mogas, nº 1  
15920 RIANXO  
☎ 981-843700 📠 981-843701  
ies.felix.muriel@edu.xunta.es

De xeito máis concreto, os traballos trimestrais tamén inciden na consecución desta competencia, xa que deberán realizar todos os pasos para o tratamento da información ata chegar ó resultado final.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:

- Empregar distintas fontes para a pesquisa de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a presentación dos seus traballos.

### **Competencia para aprender a aprender (CAA).**

A música pode potenciar capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise. Estas destrezas son fundamentais no bloque de Escoita, xa que son imprescindibles nunha boa audición. Do mesmo xeito os bloques de Creación e Interpretación permiten unha maior toma de conciencia das propias capacidades perseguindo un afán de superación ante as carencias a base de esforzo e traballo e logrando unha progresiva confianza e seguridade para afrontar novos retos.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:

- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e os logros acadados por medio da autoavaliación.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Ter iniciativa persoal na elaboración dos diferentes traballos e actividades propostos na aula.
- Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES Félix Muriel



Rúa María Ana Mogas, nº 1  
15920 RIANXO  
☎ 981-843700 📠 981-843701  
ies.felix.muriel@edu.xunta.es

### **Competencias sociais e cívicas (CSC).**

Escoitando, tocando, bailando, cantando e analizando músicas de diversas culturas os alumnos e alumnas aprenden valores como a tolerancia, a apertura a novas formas de expresión ou o respecto e gozan co enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades. Como cada día a nosa sociedade é máis plural, estas experiencias serven para favorecer a formación dunha conciencia cívica e para aprender a exercer a cidadanía democrática.

As manifestacións culturais actuais -e entre elas, as musicais- proceden en gran medida das achegas das diferentes culturas ao longo dos séculos. Comprender isto amplía a visión dos alumnos e alumnas, e favorece o desenvolvemento do sentimento de cidadanía global.

Noutra orde de cousas, nas interpretacións colectivas os alumnos e alumnas teñen que aprender a aceptar as normas que esixe toda actividade grupal cooperativa, co que se lles ensina a manter unha actitude construtiva, solidaria e responsable, algo indispensable para a convivencia democrática.

A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Amosar dispoñibilidade para a participación activa nas actividades interpretativas.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
- Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
- Traballar o respecto e a actitude de escoita nas intervencións dos compañeiros e compañeiras.
- Aceptar nas interpretacións grupais aos compañeiros e compañeiras se discriminar a ninguén.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES Félix Muriel



Rúa María Ana Mogas, nº 1  
15920 RIANXO  
☎ 981-843700 📠 981-843701  
ies.felix.muriel@edu.xunta.es

### **Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**

Aprendendo a ler e interpretar partituras, a diferenciar estilos e parámetros musicais en audicións, a compoñer e/ou arranxar pezas musicais, a coordinarse nas interpretacións colectivas e nos traballos de investigación en grupo nos que cómpre facer repartos de tarefas, os alumnos e alumnas traballan as capacidades necesarias para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.

A música participa no desenvolvemento desta competencia mediante o traballo colaborativo e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición, así como os traballos trimestrais son exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados.

Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia.

Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar doutro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de acadar obxectivos.
- Amosar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento de tarefas ou de proxectos.
- Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as diferentes interpretacións e exposicións na aula.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES Félix Muriel



Rúa María Ana Mogas, nº 1  
15920 RIANXO  
☎ 981-843700 📠 981-843701  
ies.felix.muriel@edu.xunta.es

### **Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC).**

A materia de música contribúe de forma directa á adquisición desta competencia en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias preceptivas, expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico ós que se circunscribe cada obra.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:

- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e amosar gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Amosar respecto cara ao patrimonio cultural galego, en particular, e mundial, nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico técnica...) e concretamente na musical e cara ás persoas que contribuíron no seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.



### 3. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE CULTURA,**  
**EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**  
**IES Félix Muriel**



Rúa María Ana Mogas, nº 1  
15920 RIANXO  
☎ 981-843700 📠 981-843701  
ies.felix.muriel@edu.xunta.es

- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.  
  
Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.



## 4. SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

### 4.1. Concreción Dos Estándares De Aprendizaxe Para 2º ESO

#### 4.1.1. BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONCRECIÓN	TEMPORALIZACIÓN	MÍNIMOS	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.	Calidades do son	1ª avaliación	Entrega en data do proxecto. Respectar as normas de entrega.	Valoración do proxecto na 1ª avaliación: "experimento sonoro"
	Pentagrama			
	Clave de Sol		Por avaliación, ter o 80% dos exercicios da aula correctamente realizados.	Exercicios escritos na aula.
	Notas do3-do4			
	Figuras			
	Silencios			
	Partes das figuras			
	Compás 2/4, 3/4, 4/4			
	Liña divisoria			
	Liña adicional			
	Matices	2ª avaliación	Ter unha nota mínima de 3 sobre 10 na proba ou probas de avaliación.	Unha ou varias probas escritas por avaliación.
	Notas do3-la4			
	Signos de repetición			
	Signos de alteración			
	Signos de prolongación			
	Tempo			
	Compás 6/8			
Clave de Fa 4ª	3ª avaliación			
Intervalos				
Escalas				
Acordes				



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONCRECIÓN	TEMPORALIZACIÓN	MÍNIMOS	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.	Aplicación práctica nas partituras e ditados.	De xeito progresivo ao longo de todo o curso.	Mínimo: ritmos branca, negra, corcheas (2) e semicorcheas (4) e silencios de negra;	Observación e participación directa na aula.
			Compases 2/4, 3/4 e 4/4	
MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.	Ditados rítmicos e melódicos	De xeito progresivo ao longo de todo o curso.	Ritmos de negra, corcheas (2) e silencios de negra.	Observación e participación directa na aula.
			Notas naturais de do3 a sol3	
MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música	Igual ca o MUB1.1.1.	Igual ca no MUB1.1.1.	Igual ca no MUB1.1.1.	Igual ca no MUB1.1.1.
MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	Nas partituras e exercicios traballados na aula.	De xeito progresivo ao longo de todo o curso.	Participación interesada nas actividades	Observación e participación directa na aula.
MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.	A partir das audicións da aula e como traballos voluntarios.	De xeito progresivo ao longo de todo o curso.	Participación interesada nas actividades	Observación e participación directa na aula.
				Valoración dos traballos voluntarios.
MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	Nas actividades de interpretación.	En tódalas interpretacións ao longo do curso	Actitude positiva nas interpretacións	Observación e participación directa na aula.
				Valoración nas probas prácticas de avaliación.



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONCRECIÓN	TEMPORALIZACIÓN	MÍNIMOS	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.	Canciós sinxelas e preferentemente do folklore popular galego.	En tódalas avaliacións	Participación interesada nas actividades	Observación e participación directa na aula.
			Mínimo unha canción por avaliación.	
MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.	Nas interpretacións prácticas, sobre todo nas vocais.	En tódalas avaliacións	Participación interesada nas actividades	Observación e participación directa na aula.
MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	Nas interpretacións prácticas.	De xeito progresivo ao longo de todo o curso.	Participación interesada nas actividades	Observación e participación directa na aula.
				Valoración nas probas prácticas de avaliación.
MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.	Nas interpretacións individuais e exposicións de traballos.	En tódalas avaliacións	Participación interesada nas actividades	Observación e participación directa na aula.
				Valoración nas probas prácticas de avaliación.
				Valoración nas exposicións de traballos voluntarios e obrigatorios.
MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.	En exercicios da aula	De xeito progresivo ao longo de todo o curso.	Participación interesada nas actividades	Valoración do traballo de aula.
MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e compañeiras.	Nas actividades de aula	En tódalas avaliacións	Actitude positiva e interesada nas actividades	Observación directa na aula.
				Valoración da actitude na aula.





ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONCRECIÓN	TEMPORALIZACIÓN	MÍNIMOS	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao seu nivel.	Nas interpretacións prácticas	De xeito progresivo ao longo de todo o curso.	Participación interesada nas actividades	Observación e participación directa na aula.
			Preparación individual das interpretacións.	Valoración nas probas prácticas de avaliación.
			Mínimo unha interpretación por avaliación.	
MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	Nas interpretacións prácticas	De xeito progresivo ao longo de todo o curso.	Participación interesada nas actividades	Observación e participación directa na aula.
			Preparación individual das interpretacións.	Valoración nas probas prácticas de avaliación.
			Mínimo unha interpretación por avaliación.	
MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e compañeiras.	Nas actividades de aula	En tódalas avaliacións	Actitude positiva e interesada nas actividades	Observación directa na aula.
				Valoración da actitude na aula.
MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	Nas actividades de aula.	En tódalas avaliacións	Actitude positiva e interesada nas actividades	Observación directa na aula.
				Valoración da actitude na aula.
				Avaliación do propio alumno/a da súa interpretación.



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONCRECIÓN	TEMPORALIZACIÓN	MÍNIMOS	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	Nas actividades de aula	En tódalas avaliacións	Participación interesada nas actividades	Observación directa na aula.
			Actitude positiva e respectuosa.	Valoración da actitude na aula.

#### 4.1.2. BLOQUE 2: ESCOITA

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONCRECIÓN	TEMPORALIZACIÓN	MÍNIMOS	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.	Voces humanas	2ª avaliación	Identificar auditivamente as voces humanas	Fichas de aula
	Cordófonos	1ª avaliación	Identificar auditivamente as familias orquestrais	Probas escritas
	Aerófonos	2ª avaliación		
	Idiófonos	3ª avaliación	Identificar visualmente os instrumentos da orquestra.	Probas auditivas
	Membranófonos	3ª avaliación		
MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.	Electrófonos	3ª avaliación	Identificar visualmente os instrumentos musicais	Fichas de aula
	Instrumentos populares galegos	2ª e 3ª avaliación	Identificar auditivamente as agrupacións instrumentais	Probas escritas
	Agrupacións instrumentais clásicas	2ª e 3ª avaliación		Probas auditivas
MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.	Nas actividades de aula	Ao longo de todo o curso	Participación interesada nas actividades	Observación directa na aula.
MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	Nas actividades de aula	En tódalas avaliacións	Actitude positiva nas actividades	Observación directa na aula.
				Valoración da actitude na aula.



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONCRECIÓN	TEMPORALIZACIÓN	MÍNIMOS	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.	Comentarios guiados	De xeito progresivo ao longo do curso	Uso do vocabulario adecuado.	Exercicios de aula.
			Adecuación ao esquema proposto.	Proba escrita por avaliación.
MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.	Nas actividades de aula	De xeito progresivo ao longo do curso	Participación interesada nas actividades	Exercicios de aula.
			Seguimento das indicacións dadas.	Traballos voluntarios.
MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.	Comentarios guiados	De xeito progresivo ao longo do curso	Uso do vocabulario adecuado.	Exercicios de aula.
			Participación interesada nas actividades	Proba escrita por avaliación. Traballos voluntarios.
MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.	Nas actividades de aula	3ª avaliación	Participación interesada nas actividades	Observación directa na aula.
			Respecto ante as intervencións dos compañeiros e compañeiras.	Traballos voluntarios.
MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.	Traballo obrigatorio	2ª avaliación	Entrega en data	Valoración do traballo obrigatorio.
			Seguimento das indicacións dadas.	



#### 4.1.3. BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAI

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONCRECIÓN	TEMPORALIZACIÓN	MÍNIMOS	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.	Práctica de coreografías na aula	En tódalas avaliacións	Participación interesada nas actividades	Observación directa na aula
MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.	A música nos medios audiovisuais	3ª avaliación	Participación interesada nas actividades	Exercicios na aula
	A música na publicidade			Proba escrita
	A música no teatro			
MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.	Xéneros da música popular urbana	3ª avaliación	Participación interesada nas actividades	Exercicios na aula
	Xéneros da música clásica			Observación directa na aula
MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego	Nas audicións da aula	En tódalas avaliacións	Participación interesada nas actividades	Observación directa na aula
			Respecto e atención nas audicións	
MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	Nas interpretacións prácticas	En tódalas avaliacións	Participación interesada nas actividades	Observación directa na aula
			Preparación individual das interpretacións	Valoración das probas prácticas
MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.	Cordófonos	1ª avaliación	Participación interesada nas actividades	Fichas de aula
	Aerófonos	2ª avaliación		
	Membranófonos	3ª avaliación	Identificación visual dos instrumentos tradicionais máis coñecidos	Proba escrita
	Idiófonos	3ª avaliación		



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONCRECIÓN	TEMPORALIZACIÓN	MÍNIMOS	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MUB3.3.4. Contribúe á conservación, recuperación e transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, gravación e transcrición de pezas.	Traballos de recollida de música tradicional galega	En tódalas avaliacións	Recollida dalgunha peza de música popular da súa contorna	Valoración de traballos voluntarios
MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais	Nas actividades de aula e probas escritas	De xeito progresivo en tódalas avaliacións	Participación interesada nas actividades	Actividades de aula
			Uso dun vocabulario correcto	Proba escrita
MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	Nas actividades de aula	En tódalas avaliacións	Participación interesada nas actividades	Observación directa na aula
			Respecto ante as intervencións dos compañeiros e compañeiras.	Valoración da actitude na aula
			Uso dun vocabulario correcto	
MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.	Nos exercicios de aula	En tódalas avaliacións	Respecta as indicacións dos traballos	Actividades de aula
	Nos proxectos do curso		Uso dun vocabulario correcto	Valoración de proxectos
	Nos traballos voluntarios		Presentación coidada dos exercicios	Valoración de traballos voluntarios
MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	Nas actividades de aula	En tódalas avaliacións	Participación interesada nas actividades	Observación directa na aula
	Nos proxectos do curso		Presentación correcta dos traballos obrigatorios	Valoración de proxectos
	Nos traballos voluntarios		Respecto ante as preferencias musicais dos compañeiros e compañeiras	Valoración de traballos voluntarios



**4.1.4. BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONCRECIÓN	TEMPORALIZACIÓN	MÍNIMOS	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.	Aplicacións móbiles	3ª avaliación	Aplicación práctica nos exercicios de aula	Valoración do traballo de aula
	Editor de partituras		Participación interesada nas actividades	Observación directa na aula
	Programas de tratamento de audio			
MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.	Nos proxectos do curso	En tódalas avaliacións	Respecta as indicacións dos traballos	Valoración dos proxectos
	Nos traballos voluntarios		Presenta os traballos en data.	Valoración dos traballos voluntarios
MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	Nos proxectos do curso	En tódalas avaliacións	Respecta as indicacións dos traballos	Valoración dos proxectos
	Nos traballos voluntarios		Presenta os traballos en data.	Valoración dos traballos voluntarios



## 4.2. Temporalización para 2º ESO

### 1º TRIMESTRE 2019-2020

	L	M	M	X	V	CONTIDOS		L	M	M	X	V	CONTIDOS
SETEMBRO	16	17	18	19	20	Presentacións	NOVEMBRO	4	5	6	7	8	Proxecto experimento sonoro
	23	24	25	26	27	Avaliación Inicial		11	12	13	14	15	Proxecto experimento sonoro
OUTUBRO	30	1	2	3	4	O son. Calidades do son. Altura: notas, clave de sol, pentagrama.	NOVEMBRO	18	19	20	21	22	Matices
	7	8	9	10	11	Duración: figuras e silencios		25	26	27	28	29	Proba escrita
	14	15	16	17	18	Compás, pulsos e acentos. 2/4, 3/4 e 4/4		DECEMBRO	2	3	4	5	6
	21	22	23	24	25	Audición. Clasificación dos instrumentos	9		10	11	12	13	Audición
	28	29	30	31	1	Cordófonos.	16	17	18	19	20	Signos de repetición	

**Avaliacións: 17 e 18 de decembro**

**1ª AVALIACIÓN (66 días lectivos)**



## 2º TRIMESTRE 2019-2020

	L	M	M	X	V	CONTIDOS		L	M	M	X	V	CONTIDOS
XANEIRO			8	9	10	Signos de prolongación: punto, ligadura e caldeirón	MARZO	2	3	4	5	6	Proba escrita
	13	14	15	16	17	Audición. Clasificación das voces.		9	10	11	12	13	Probas Prácticas.
	20	21	22	23	24	Proba escrita		16	17	18	19	20	Audición
	27	28	29	30	31	Audición. Aerófonos							
FEBREIRO	3	4	5	6	7	Proxecto Instrumento musical							
	10	11	12	13	14	Alteracións.							
	17	18	19	20	21	Tempo.							
	24	25	26	27	28	Proxecto Contaminación Acústica							

**Avaliacións: 17 e 18 de marzo**

**2ª AVALIACIÓN (49 días lectivos)**





### 3º TRIMESTRE 2019-2020

	L	M	M	X	V	CONTIDOS		L	M	M	X	V	CONTIDOS	
MARZO	23	24	25	26	27	Compás 6/8. Clave de Fa en 4ª	XUÑO	1	2	3	4	5	Acordes	
	30	31	1	2	3	Intervalos. Audición		8	9	10	11	12	Xéneros musicais. Proba escrita	
ABRIL	13	14	15	16	17	Funcións da música		15	16	17	18	19	Probas Prácticas/Recuperacións	
	20	21	22	23	24	Membranófonos e Idiófonos. Electrófonos								
	27	28	29	30	1	Aplicacións informáticas na música								
MAIO	4	5	6	7	8	Proba escrita. Audición								
	11	12	13	14	15	Proxecto Letras Galegas								
	18	19	20	21	22	Proxecto Letras Galegas								
	25	26	27	28	29	Escalas								

**Avaliacións a partir do 19 de xuño**

**3ª AVALIACIÓN (57 días lectivos)**



### 4.3. Criterios de Avaliación para 2º ESO

- Ler axeitadamente as grafías musicais con que se escribe unha obra musical.

Con este criterio preténdese comprobar o grao de coñecemento das grafías básicas que lle permitan ao alumnado a lectura axeitada dunha peza musical.

- Identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical en audición ou partitura, empregando a linguaxe musical coñecida a través do traballo na aula.

Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado de expresar coa linguaxe propia do ámbito musical, os elementos básicos que configuran unha obra musical.

- Recoñecer auditivamente e determinar a época e a cultura musical a que pertencen distintas pezas escoitadas con anterioridade na aula.

Con este criterio preténdese comprobar en que medida o alumnado é capaz de situar axeitadamente unha obra musical no contexto que lle é propio.

- Utilizar axeitadamente as tecnoloxías do coñecemento á hora de crear ou escoitar unha peza musical.

Con este recurso trátase de avaliar a disposición de apertura e a capacidade de acción do alumnado á hora de utilizar as tecnoloxías do coñecemento no eido musical.

- Participar na interpretación en grupo, ben sexa instrumental, vocal ou de movemento.

Con este criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para levar a cabo interpretacións conxuntas conforme as normas e o respecto polo quefacer dos demais.



#### 4.4. Mínimos Exixibles para 2º ESO

- Calidades do son: altura, duración, intensidade e timbre.
- Definición e escritura dos elementos básicos da linguaxe musical: pentagrama, notas, figuras, silencios, claves, compás, alteracións, signos de prolongación, signos de repetición.
- Definición do tempo e indicacións terminolóxicas.
- Definición e clasificación de intervalos.
- Texturas: monodia, polifonía, homofonía, contrapunto e monodia acompañada.
- Clasificación dos instrumentos musicais: idiófonos, membranófonos, cordófonos, aerófonos e electrófonos.
- Instrumentos tradicionais galegos.
- Instrumentos orquestrais.
- A voz humana: tesituras.
- Interpretación instrumental e vocal.



#### **4.5. Instrumentos de Avaliación para 2º ESO**

Realizarase como mínimo unha proba escrita, unha proba práctica de interpretación e un proxecto por avaliación. Ademais tamén se terán en conta as actividades diarias de aula, a realización dos exercicios do caderno de traballo, a elaboración de traballos voluntarios, a participación nas interpretacións en grupo e a actitude e comportamento na aula.

#### **4.6. Procedementos de Avaliación para 2º ESO**

Faranse probas escritas para avaliar os contidos conceptuais.

Para avaliar a parte práctica, faranse probas interpretativas individuais e/ou colectivas que serán gravadas e arquivadas durante ese curso escolar, para posibles reclamacións.

Os proxectos avaliaranse mediante rúbricas, tendo en conta o resultado final e o proceso de elaboración na aula.

Tamén se terá en conta o traballo diario mediante revisión individual do caderno de xeito periódico.

A participación nas interpretacións en grupo, a actitude e o traballo da materia avaliaranse mediante observación directa do alumnado.

#### **4.7. Criterios de Cualificación para 2º ESO**

- Para a cualificación nas distintas avaliacións teranse en conta os seguintes aspectos:
- Progresión e participación no traballo de cada día.
- Correcta realización dos traballos de aula cumprindo os criterios dados pola profesora.
- Actitude positiva.



- Ademais, o alumnado disporá dunha serie de indicacións para a elaboración de traballos voluntarios ao longo do curso que poden chegar a sumar ata un máximo de 2 puntos, sempre e cando cumpran os requisitos mínimos e cheguen a unha cualificación de 4 (sobre 10) na nota de avaliación.
- En canto ás porcentaxes a ter en conta:
  - Os controis escritos terán un valor dun 40% sobre a cualificación total; se as probas teñen un contido progresivo terán máis peso as cualificacións das últimas probas.
  - A interpretación práctica terá un valor dun 20% sobre a cualificación total.
  - Os proxectos de avaliación terán un valor dun 20% sobre a cualificación total.
  - Os exercicios diarios na aula terán un valor dun 10% sobre a cualificación total.
  - A actitude, comportamento e participación na clase terá un valor dun 10% sobre a cualificación total.

#### **4.8. Proba Extraordinaria De Setembro para 2º ESO**

A avaliación extraordinaria constará das seguintes partes:

- A presentación de **traballos** obrigatorios solicitados durante o curso.
- A presentación da libreta do curso.
- Unha **proba escrita** en relación cos contidos mínimos.
- Unha **interpretación** práctica das solicitadas durante o curso.

A porcentaxe de cualificación en setembro será do 60% a proba escrita, o 20% a parte práctica, o 10% os traballos obrigatorios do curso e o 10% a libreta de exercicios.



## 5. TERCEIRO CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

### 5.1. Concreción dos Estándares de Aprendizaxe para 3º ESO

#### 5.1.1. BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	SECUENCIACIÓN NO LIBRO DE TEXTO
MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música	B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música	Unidade 1: As calidades do son e a súa representación gráfica. Nomenclatura dos compases. O compás ternario
		Unidade 2: A colocación das plicas. Semicorchea e o seu silencio. A anacruse. Signos de repetición: dobre barra e 1ª e 2ª vez
		Unidade 3: As liñas adicionais. Signos de repetición: Da Capo a Fin. Signos de prolongación: ligadura, punto e caldeirón. Síncopas.
		Unidade 4: Alteracións: sostido e bemol. O semitón.
		Unidade 7: Compases: 3/8 e 6/8
		Unidade 8: Outros compases
		Unidade 9: Os intervalos e a súa clasificación. Escalas de Do M., Fa M., La m e Re m. Graos da escala
		Unidade 10: Acordes. O tresíño.
		Unidade 11: Escalas cromáticas. Semitón cromático e diatónico. Notas de adorno: mordente e trilo.
		Unidade 12: Escritura musical non convencional.



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	SECUENCIACIÓN NO LIBRO DE TEXTO
MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.	B1.2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.	Unidade 2: A monodia
		Unidade 3: O nacemento da polifonía: organum e discantus
		Unidade 4: A polifonía: textura imitativa e homofónica
		Unidade 5: A polifonía: melodía acompañada
MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.	B1.3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.	Unidade 2: Formas estróficas: cantigas
		Unidade 4: Formas estróficas: o vilancico
		Unidade 6: A melodía: análise dos seus movementos. O concerto.
		Unidade 7: A forma sonata clásica.
MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.	En tódalas interpretacións realizadas ao longo do curso
MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.		Unidade 1: <i>Love me, tender. Veño da Virxe da Barca</i>
		Unidade 2: <i>Santa María Strela do Día. Dindirindín. Blowin' in the wind.</i>
		Unidade 3: <i>Maruxiña do forneiro</i>
		Unidade 4: <i>Jambo. A raíz do toxo verde.</i>
		Unidade 5: <i>Berducido, Berducido. Mamma mia</i>
		Unidade 6: <i>American Pie. Estando na miña porta.</i>
		Unidade 7: <i>Sale ti, bo bailadore</i>
		Unidade 8: <i>Se chove deixa chover. Ni tú ni nadie.</i>
		Unidade 9: <i>O voso galo comadre.</i>
		Unidade 10: <i>Alalá. Amoriños collín.</i>
		Unidade 11: <i>Don't worry, be happy. Aparta loureiro verde.</i>
		Unidade 12: <i>Killing me softly. San Benitiño de Lérez.</i>



<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>SECUENCIACIÓN NO LIBRO DE TEXTO</b>
MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.		En tódalas interpretacións vocais realizadas ao longo do curso
MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.		En tódalas interpretacións realizadas ao longo do curso
MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.		En tódalas interpretacións realizadas ao longo do curso
MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.	B1.5. Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	En tódalas unidades tomando de partida algunha das interpretacións ou audicións.
MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.		En tódalas interpretacións realizadas ao longo do curso





ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	SECUENCIACIÓN NO LIBRO DE TEXTO
<p>MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</p>	<p>B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.</p>	<p>Unidade 1: <i>A barquiña do pescador. O león dorme esta noite. Wan Pi de Xiao Mao Mi. Love me, tender</i></p>
		<p>Unidade 2: <i>Santa María Strela do Día. Dindirindín. Blowin' in the wind.</i></p>
		<p>Unidade 3: <i>Ad mortem festinamus. Stella splendens. Stand by me.</i></p>
		<p>Unidade 4: <i>Danza francesa. Deck the halls. Jambo</i></p>
		<p>Unidade 5: <i>We shall overcome. Te Deum. Mamma mia.</i></p>
		<p>Unidade 6: <i>O inverno. American Pie.</i></p>
		<p>Unidade 7: <i>Musik für die Flötenuhr. Pequena Serenata Nocturna.</i></p>
		<p>Unidade 8: <i>Ni tú ni nadie.</i></p>
		<p>Unidade 9: <i>Coro dos peregrinos. La donna è mobile.</i></p>
		<p>Unidade 10: <i>O Moldava. O príncipe Igor.</i></p>
		<p>Unidade 11: <i>Don't worry, be happy. Carros de lume. Bolero.</i></p>
		<p>Unidade 12: <i>Killing me softly. A lista de Schindler. Raindrops keep falling on my head.</i></p>
		<p>Unidade 1: <i>Veño da Virxe da Barca</i></p>
		<p>Unidade 2: <i>Cantigas de Santa María.</i></p>
		<p>Unidade 3: <i>Maruxiña do forneiro.</i></p>
		<p>Unidade 4: <i>A raíz do toxo verde.</i></p>
		<p>Unidade 5: <i>Berducido, Berducido.</i></p>
		<p>Unidade 6: <i>Estando na miña porta.</i></p>
		<p>Unidade 7: <i>Sale ti, bo bailadore</i></p>
		<p>Unidade 8: <i>Se chove deixa chover.</i></p>
		<p>Unidade 9: <i>O voso galo comadre.</i></p>
		<p>Unidade 10: <i>Alalá. Amoriños collín.</i></p>
		<p>Unidade 11: <i>Aparta loureiro verde.</i></p>
		<p>Unidade 12: <i>San Benitiño de Lérez.</i></p>
<p>MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</p>		



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	SECUENCIACIÓN NO LIBRO DE TEXTO
MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.		En tódalas interpretacións realizadas ao longo do curso
MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.		En tódalas interpretacións realizadas ao longo do curso
MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.		En tódalas interpretacións realizadas ao longo do curso
MUB1.7.1. Aмосa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.	B1.7. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.	Unidade 1: As grandes décadas do Rock
MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.		Unidade 2: A proxección da música en Galicia.
		Unidade 5: O jazz en Galicia.
		Unidade 12: As versións
		Percusións corporais en tódalas unidades.
		Unidade 12: Escritura musical non convencional. Odaiko Percussion Group.



<b>5.1.2. BLOQUE 2: ESCOITA</b>		
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>SECUENCIACIÓN NO LIBRO DE TEXTO</b>
MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.	B2.1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.	Unidade 1: A Prehistoria. Os pobos mesopotámicos. Os exipcios. Os hebreos. India. China. Grecia. Roma.
		Unidade 2: A Idade Media.
		Unidade 3: A Idade Media.
		Unidade 4: O Renacemento.
		Unidade 5: O Barroco
		Unidade 6: O Barroco.
		Unidade 7: O Clasicismo.
		Unidade 8: O Romanticismo.
		Unidade 9: O Romanticismo.
		Unidade 10: O nacionalismo.
		Unidade 11: O impresionismo. O dodecafonismo. A xeración do 27.
		Unidade 12: A música despois da II Guerra Mundial.
MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.	B2.2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.	En tódalas unidades.
MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.	En tódalas interpretacións e audicións do curso.



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	SECUENCIACIÓN NO LIBRO DE TEXTO
<p>MUB2.4.1. Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.</p>	<p>B2.4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.</p>	<p>En tódalas unidades.</p>
<p>MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.</p>		<p>Unidade 1: <i>Epitafio de Seikilos. A canción das campás</i> de Leroy Anderson.</p>
		<p>Unidade 2: <i>Hodie, Christus natus est</i> (gregoriano). <i>Non sofre Santa Maria</i> (Afonso X, o Sabio).</p>
		<p>Unidade 3: <i>Ad mortem festinamus</i> (Lliver Vermell)</p>
		<p>Unidade 4: <i>Hoy comamos y bebamos</i> (J. Enzina)</p>
		<p>Unidade 5: <i>O Mesías</i> (G. F. Haendel)</p>
		<p>Unidade 6: <i>Concerto de Brandemburgo n. 2</i> (J. S. Bach)</p>
		<p>Unidade 7: <i>Scherzo da Sonata n. 5</i> (L. van Beethoven)</p>
		<p>Unidade 8: <i>Marcha Radetzky</i> (J. Strauss). <i>O carnaval dos animais</i> (C. Saint-Säens).</p>
		<p>Unidade 9: <i>A traviata</i> (G. Verdi)</p>
		<p>Unidade 10: <i>Peer Gynt</i> (E. Grieg). <i>El amor brujo</i> (M. Falla).</p>
		<p>Unidade 11: <i>A danza do sabre</i> (A. Katchaturian).</p>
<p>Unidade 12: <i>Ionización</i> (E. Varese)</p>		
<p>MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.</p>	<p>B2.5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.</p>	<p>En cada unha das obras musicais propostas ao longo do curso.</p>
<p>MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio á análise musical.</p>		<p>En cada unha das obras musicais propostas ao longo do curso.</p>



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	SECUENCIACIÓN NO LIBRO DE TEXTO
MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.		En cada unha das obras musicais propostas ao longo do curso.

### 5.1.3. BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAI

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	SECUENCIACIÓN NO LIBRO DE TEXTO
MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relacións con épocas da historia da música e con outras disciplinas.	B3.1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.	Unidade 1: A música na Prehistoria e nas antigas civilizacións (Mesopotamia, Exipto, India, China, Grecia, Roma...).
MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.		Unidade 2: A música monódica na Idade Media. A música popular urbana nos anos 50.
		Unidade 3: A música polifónica na Idade Media.
		Unidade 4: A música no Renacemento.
		Unidade 5: A música vocal no Barroco.
		Unidade 6: A música instrumental no Barroco.
		Unidade 7: A música no Clasicismo.
		Unidade 8: A música no Romanticismo.
		Unidade 9: A música vocal no Romanticismo.
		Unidade 10: O Nacionalismo musical.
		Unidade 11: A música na primeira metade do século XX.
		Unidade 12: A música despois da II Guerra Mundial.
	Unidade 3: Música instrumental e de danza na Idade Media.	
	Unidade 4: Danzas renacentistas.	
	Unidade 6: Danzas barrocas. A suite.	
	Unidade 8: O valse. O ballet.	
	Unidade 10: As danzas no Nacionalismo musical.	
	Unidade 11: O ballet e a danza contemporánea.	



<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>SECUENCIACIÓN NO LIBRO DE TEXTO</b>
MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.		Ao longo do curso seguindo o contido de cada unidade.
MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición	B3.2. Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.	Elaborando un proxecto ou traballo por trimestre en relación aos contidos do mesmo.
MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.	B3.3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.	Ao longo do curso seguindo o contido de cada unidade.
MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.		Ao longo do curso seguindo o contido de cada unidade.
MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.	B3.4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.	Ao longo do curso seguindo o contido de cada unidade.
MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.		Ao longo do curso seguindo o contido de cada unidade.
MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	B3.5. Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.	Ao longo do curso seguindo o contido de cada unidade.



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	SECUENCIACIÓN NO LIBRO DE TEXTO
<p>MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.</p>	<p>B3.6. Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia.</p>	Unidade 1: Exemplos da música popular urbana por décadas.
		Unidade 2: A música popular urbana nos anos 50. A música popular urbana en Galicia.
		Unidade 3: A música popular urbana dos 60. A música en Galicia: Leilía.
		Unidade 4: A música popular urbana dos 60. O novo folk galego: Berrogüetto.
		Unidade 5: A música popular urbana dos 70. O jazz en Galicia: Abe Rábade e Sumrá.
		Unidade 6: A música popular urbana dos 70. O blues galego: Los Reyes del KO
		Unidade 7: A música popular urbana dos 80. O heavy metal en Galicia: Tálesien. A gaita: Susana Seivane.
		Unidade 8: A música popular urbana dos 80 en España. Música en Galicia: Cristina Pato e Roi Casal.
		Unidade 9: A música popular urbana dos 90. Música en Galicia: Marcos Teira.
		Unidade 10: A música popular urbana dos 90. Metal galego: The Weak Force.
		Unidade 11: A música popular urbana dos anos 2000. Hip hop galego: Dios Ke Te Crew. Novo rock galego: Forraje.
		Unidade 12: As versións. Odaiko Percussion Group.
<p>MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.</p>		<p>Ao longo do curso seguindo o contido de cada unidade.</p>





<b>5.1.4. BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS</b>		
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>SECUENCIACIÓN NO LIBRO DE TEXTO</b>
MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.	B4.1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.	No terceiro trimestre.
MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.		No terceiro trimestre.
MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	B4.2. Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.	Ao longo do curso para os traballos obrigatorios e opcionais.





## 5.2. Temporalización para 3º ESO

### 1º TRIMESTRE 2019-2020

	L	M	M	X	V	UNIDADE		L	M	M	X	V	UNIDADE
SETEMBRO	16	17	18	19	20	Presentacións / Repaso	NOVEMBRO	4	5	6	7	8	Unidade 3
	23	24	25	26	27	Avaliación Inicial		11	12	13	14	15	Unidade 3
OUTUBRO	30	1	2	3	4	Unidade 1	NOVEMBRO	18	19	20	21	22	Avaliación Unidade 3
	7	8	9	10	11	Unidade 1		25	26	27	28	29	Proxecto: Festival galego
	14	15	16	17	18	Unidade 2		DECEMBRO	2	3	4	5	6
	21	22	23	24	25	Unidade 2	9		10	11	12	13	Unidade 4.
	28	29	30	31	1	Avaliación Unidades 1 e 2	16		17	18	19	20	Unidade 4

**Avaliacións: 18 e 19 de decembro**

**1ª AVALIACIÓN (66 días lectivos)**



## 2º TRIMESTRE 2019-2020

	L	M	M	X	V	UNIDADE
XANEIRO			8	9	10	Avaliación Unidade 4
	13	14	15	16	17	Unidade 5
	20	21	22	23	24	Unidade 5
	27	28	29	30	31	Unidade 6
FEBREIRO	3	4	5	6	7	Unidade 6
	10	11	12	13	14	Avaliación Unidades 5 e 6
	17	18	19	20	21	Unidade 7
	24	25	26	27	28	Unidade 7
MARZO	2	3	4	5	6	Proxecto: Mulleres músicas
	9	10	11	12	13	Avaliación Unidade 7.
	16	17	18	19	20	Probas prácticas

**Avaliacións: 17 e 18 de marzo**

**2ª AVALIACIÓN (49 días lectivos)**



### 3º TRIMESTRE 2019-2020

	L	M	M	X	V	UNIDADE		L	M	M	X	V	UNIDADE	
MARZO	23	24	25	26	27	Unidade 8	XUÑO	1	2	3	4	5	Avaliación Unidades 10, 11 e 12	
	30	31	1	2	3	Unidade 8		8	9	10	11	12	Probas prácticas	
ABRIL	13	14	15	16	17	Unidade 9		15	16	17	18	19	Recuperacións	
	20	21	22	23	24	Avaliación Unidades 8 e 9								
	27	28	29	30	1	Unidade 10								
MAIO	4	5	6	7	8	Unidade 11								
	11	12	13	14	15	Proxecto Letras Galegas								
	18	19	20	21	22	Proxecto Letras Galegas								
	25	26	27	28	29	Unidade 12								

**Avaliacións: a partir do 19 de xuño**

**3ª AVALIACIÓN (57 días lectivos)**



### 5.3. Mínimos Exixibles para 3º ESO

- Lectura, escritura e interpretación dos elementos básicos da linguaxe musical.
- Análise de audicións e partituras.
- Diferenciación auditiva das sonoridades dos instrumentos da orquestra e os diferentes rexistros vocais.
- Diferenciación visual dos distintos instrumentos da orquestra.
- Características musicais que permitan situar unha obra musical no seu contexto.
- Interpretación instrumental de diferentes partituras.
- Elaboración de sinxelos arranxos musicais.

### 5.4. Instrumentos de Avaliación para 3º ESO

Realizárase como mínimo unha proba escrita, unha proba práctica de interpretación instrumental e/ou vocal e un proxecto de traballo por avaliación.

### 5.5. Procedementos de Avaliación para 3º ESO

Para a avaliación dos contidos conceptuais realizaranse probas escritas establecidas na temporalización. A aplicación deses contidos a unha audición, farase mediante comentarios e análises escritos que se requirirán ao longo do curso e cunha pregunta obrigatoria nas probas escritas.

Para a avaliación da parte práctica de interpretación realizaranse exhibicións individuais e/ou grupais das partituras traballadas na aula, diante do resto grupo-clase que serán gravadas e arquivadas por posibles reclamacións.



Para a avaliación do proxecto de traballo terase en conta a presentación coidada, en data e cumprindo os requisitos expostos pola profesora.

A avaliación actitudinal e do traballo diario farase por observación directa e requirindo o caderno de traballo cando se considere necesario.

### 5.6. Criterios de Cualificación para 3º ESO

- Para a cualificación nas distintas avaliacións teranse en conta os seguintes aspectos:
- Progresión e participación no traballo de cada día.
- Correcta realización dos traballos de aula cumprindo os criterios dados pola profesora.
- Actitude positiva.
- Terán a posibilidade de realizar diversos traballos opcionais ao longo das distintas avaliacións que lles permitirán acadar un máximo de 2 puntos extra.
- En canto ás porcentaxes a ter en conta:
- A proba escrita representa o 40%, a proba de interpretación o 20%, o proxecto de traballo o 20%, os exercicios diarios (libreta) o 10% e a atención, comportamento e actitude diaria o 10% da nota global.



## 5.7. Proba Extraordinaria De Setembro para 3º ESO.

A avaliación extraordinaria constará das seguintes partes:

- A presentación de **traballos** solicitados durante o curso.
- A presentación dun ou varios **comentarios** de audicións de obras ou fragmentos musicais traballados durante o curso.
- Unha **proba escrita** en relación cos contidos mínimos.
- A **interpretación** dunha ou varias das cancións vistas durante o curso.

A porcentaxe de cualificación en setembro será do 60% a parte teórica, o 20% a parte práctica, o 10% os comentarios das audicións e o 10% os traballos presentados.

## 6. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso con exercicios dirixidos pola profesora.

Esta avaliación consistirá nunha proba escrita sobre caligrafía musical básica e unha interpretación musical libre onde demostren a súa autonomía persoal e o control das súas emocións ante o público.

## 7. PLAN DE SEGUIMIENTO DE PENDENTES

A avaliación de pendentes tratará de facer un seguimento periódico do alumnado, achegándolle material elaborado polo Departamento, con actividades para alcanzar os contidos mínimos do nivel correspondente.

O seguimento será realizado pola xefa e único membro do departamento.



Se o alumnado cursa este ano a materia de música no nivel superior, terase en conta o traballo realizado na aula actual valorando a súa actitude. No caso do alumnado pendente de 2º ESO, o contido considérase continuo, polo que se supera o nivel de 3º ESO, tamén se considerará superado o de 2º ESO.

Se o alumnado pendente non cursa este ano a materia de música, a xefa do departamento poñerase en contacto directo con eles/elas a principios do mes de outubro para proporcionarlles información e actividades para conseguir a superación da materia.

Realizarase unha proba en xaneiro de 2020, cunha segunda oportunidade de repetila no mes de maio. Esta proba constará das seguintes partes:

#### **2º ESO**

- Unha **parte teórica** en relación cos contidos mínimos do nivel.
- A **interpretación** na fruta dunha ou varias das cancións vistas no curso anterior.
- 3º ESO
- Unha **parte teórica** en relación cos contidos mínimos do nivel.
- A **interpretación** na fruta dunha ou varias das cancións vistas no curso anterior.

De xeito extraordinario e dado que os contidos de 2º e 3º ESO son progresivos, se o alumnado que ten a materia de música de 2º ESO pendente aproba a dita materia en 3º ESO, considerarase que acadaron os contidos mínimos e polo tanto que teñen superada a asignatura.

A porcentaxe de cualificación será do 60% a parte teórica, o 20% a parte práctica e o 20% os exercicios e traballos presentados.



## 8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Cando falamos de proposta metodolóxica referímonos a unha secuencia ordenada de todas aquelas actividades e recursos empregados na práctica educativa. Buscamos a maior flexibilidade para adaptarse a cada circunstancia específica, para favorecer o tratamento da diversidade mediante un conxunto de estratexias vinculadas tanto ó método de ensinanza como á organización interna do grupo aula.

En concreto debemos fomentar:

- Actividades de aprendizaxe variadas no sentido que permitan distintas modalidades e vías de aprendizaxe, posibilidade de elección dunhas fronte a outras, así como presentar distintos graos de dificultade.
- Materiais didácticos diversos, máis ou menos complexos, centrados en aspectos prácticos ligados ós contidos.
- Distintas formas de agrupamentos do alumnado, combinando o traballo individual co traballo en pequenos grupos heteroxéneos e co traballo do gran grupo-aula, así como agrupamentos flexibles que transcendan fóra da aula.

As actividades están elaboradas para cada nivel tendo en conta os obxectivos fixados. Seguiremos case que sempre o seguinte esquema:

1. Actividades de información de coñecementos previos mediante preguntas dirixidas.
2. Actividades de introdución ao tema mediante lectura da unidade e explicación.
3. Actividades de desenvolvemento de contidos mediante actividades escritas, audicións e interpretacións.
4. Actividades de consolidación, nas que o alumnado contrasta as novas ideas coas previas e aplica as novas aprendizaxes.
5. Actividades de síntese que permitan ao alumnado establecer a relación entre os distintos contidos aprendidos, así como o contraste cos que xa tiñan mediante esquemas, resumos e cuestionarios.
6. Actividades de recuperación para aqueles que non consigan os coñecementos traballados.





7. Actividades de ampliación para os que desenvolveron satisfactoriamente as actividades propostas.
8. Actividades de avaliación, formativa e sumativa.

As actividades musicais irán encamiñadas a reforzar a autonomía e o equilibrio persoal, pois constitúen un punto fundamental en relación coa sociabilidade. Non pretendemos formar compositores, senón que cada un encontre a súa forma e o seu vehículo de expresión e poida aflorar con naturalidade o orixinal e o auténtico que cada un deles ten no seu interior.

## 9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O material de música está centrado nunha aula específica situada no edificio anexo. Así mesmo na Biblioteca do centro dispoñemos de bibliografía específica para Música. Hai que ter en conta tamén a posibilidade de utilización das aulas de informática e audiovisuais para levar a cabo algunhas das actividades previstas.

Os materiais persoais do alumnado serán os seguintes:

### 2º ESO:

- **1 libreta** de cuadrícula para traballo na aula.
- 1 libreta de pentagramas ou follas de papel pautado.
- 1 fruta doce.
- Instrumentos básicos de traballo diario (bolígrafo, lapis, goma, regra,...).



### 3º ESO

- **Libro de texto** da editorial Galinova (Proxecto Século XXI) de 3º ESO.
- **1 libreta** de pentagramas e cuadrícula para traballo na aula.
- 1 fruta doce.
- Instrumentos básicos de traballo diario (bolígrafo, lapis, goma, regra,...).

De xeito puntual poderase suxerir, tanto en 2º coma en 3º ESO, o traballo con smartphones na aula para busca de información, escoita de audicións ou traballo con aplicacións musicais, previa información ás familias.

### 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para o alumnado con dificultades no seguimento da materia propoñemos a adaptación das partituras para a súa interpretación, así como exercicios de reforzo para chegar á consecución dos obxectivos mínimos.

No caso de resultar imprescindibles, poderíamos recurrir a adaptacións curriculares, tando dos contidos como das actividades, tratando ao mesmo tempo de integrar a este alumnado co resto do grupo mediante partituras e exercicios adaptados semellantes aos do resto do grupo.

Igualmente, para os alumnos/as que teñan especiais dificultades na dixitación e interpretación da fruta, propoñemos a substitución da interpretación de fruta por outra con instrumentos de percusión ou piano.

Así mesmo, o alumnado con maior nivel de coñecemento ocuparase das partes de máis dificultade na interpretación en grupo e terá a opción de realizar traballos voluntarios para afondar nos distintos aspectos da materia.



## 11. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores está tratada nas distintas unidades, fomentando a igualdade, o respecto das distintas opinións, o traballo en grupo, a educación para a paz...

Educación moral e cívica: respecto polas distintas opinións e gustos musicais, respecto nas diferentes interpretacións musicais, na escoita, no traballo en grupo...

Educación para a paz: coñecemento das manifestacións musicais doutras culturas e pobos e a súa valoración positiva.

Educación en igualdade: audicións de agrupacións diversas en que tódalas persoas son igual de importantes. Estudo do papel da muller no eido musical nas distintas culturas e épocas históricas

Educación ambiental: sensibilización ante a contaminación acústica, o efecto do ruído e do son en volume elevado.

Educación sexual: a voz, as diferentes tesituras e o cambio de voz na adolescencia.

Educación para a saúde: coidado da voz, a emisión correcta, hábitos de vida saudables para un mellor rendemento, realización de actividade física mediante exercicios de danza e movemento, coidado da respiración...

Educación do consumidor: corrector hábitos de consumo na música, reciclaxe de aparellos de reprodución sonora usados...

En xeral, a música é unha materia na que se traballan fundamentalmente valores como a tolerancia e o respecto das distintas manifestacións musicais, gustos, interpretacións e opinións persoais.



## 12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Como atención á lectura e desenvolvemento do proxecto lector de centro propónse para este curso a lectura na clase dos textos das distintas unidades do libro de traballo, así como de distintos tipos de textos relacionados coa materia a tratar achegados á clase polo profesorado da materia.

Así mesmo, unha vez ó mes, aproximadamente, pediráselle ó alumnado que busque noticias dos xornais ou revistas relacionadas co mundo musical para a súa análise e comentario posterior.

Tamén se van propor unha serie de lecturas opcionais de narrativa xuvenil con temática musical que se avaliarán como traballos opcionais.

## 13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

O tratamento das tecnoloxías da información e comunicación están contidos nos distintos traballos que se lles pide elaborar ó longo do curso, nos que teñen que manipular diversas fontes de información e para a súa presentación tamén poderán contar con novas tecnoloxías, como presentación en DVD, CD, Power Point...

Así mesmo trataremos de iniciar o contacto co programa de edición de partituras *MuseScore* e o editor de audio *Audacity*.

Propónse tamén como proxecto anual, a investigación semanal dos distintos eventos culturais realizados no concello para a cal é necesaria a utilización de diferentes medios de información e comunicación.

Os proxectos tamén valoran o uso das novas tecnoloxías na gravación e manipulación de vídeos.

Tamén se promoverá o uso das novas tecnoloxías facilitando a entrega dos diferentes traballos e tarefas por computadora e vía internet.



#### **14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Desde o departamento de música tratarase de colaborar en tódalas actividades que contribúan ao Plan de Convivencia fomentando as boas relacións entre o alumnado, deixando claras as normas do centro e da aula e facendo fincapé no respecto e na tolerancia entre todos/as.

No caso de accións disruptivas, seguiranse os cauces e as liñas de actuación fixados no Plan de Convivencia para a súa correcta e rápida resolución.

#### **15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Dado que hai un gran número de actividades complementarias e extraescolares nos distintos departamentos, este ano non programamos ningunha actividade especial neste departamento. En función das datas e saídas ou actividades propostas trataremos de sumarnos e achegar algún espazo e/ou actividade que resulte de interese a nivel musical.

#### **16. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Para a avaliación da programación teremos en conta dous parámetros fundamentais: a opinión do alumnado e a do propio profesorado.

Para a avaliación por parte do alumnado pedirase unha opinión persoal e individual, sobre todo en canto a procedementos e forma de dar clase, así como suxestións sobre posibles cambios.

Por parte do profesorado avaliarase mediante unha táboa na que quede reflectida a consecución dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía e materiais ou recursos e, en caso negativo, valorar as posibles causas do incumprimento e as posibles modificacións. Todo isto en cada unha das avaliacións sendo o seguinte un posible modelo:



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE CULTURA,**  
**EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**  
**IES Félix Muriel**



Rúa María Ana Mogas, nº 1  
 15920 RIANXO  
 ☎ 981-843700 📠 981-843701  
 ies.felix.muriel@edu.xunta.es

ÁREA:	CURSO:			
1ª AVALIACIÓN	Conforme		Cal é o motivo do incumprimento? (no caso de que se marque non)	Modificacións
	Si	Non		
OBXECTIVOS				
CONTIDOS				
CRITERIOS DE AVALIACIÓN				
METODOLOXÍA				
RECURSOS E MATERIAIS				

En Rianxo, a 20 de outubro de 2019

A xefa do departamento:

Mª Dolores Bretal Martínez